


PROXECTO TOROMELÓS. “LELA ANDA EN BICICLETA”



* **DESCRICIÓN:** O *Proxecto Toromelos* nace dunha colaboración entre a Fundación Carlos Casares e a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia que ten como finalidade a promoción da investigación e a innovación nos eidos da creación dramática e teatral para a infancia e a mocidade. Esta iniciativa non ten carácter circunstancial senón que aspira a manter a continuidade necesaria para o logro dos obxectivos que persegue, entre eles a promoción e posta en valor da lectura e da literatura dramática, así como a promoción do teatro para a infancia e a mocidade.

Nesta altura do proxecto desenvólvese unha versión teatral do conto de Carlos Casares *Lolo anda en bicicleta*, cunha estrutura clásica de

presentación, nó e desenlace, pero realizada cun marcado carácter escénico centrado no traballo xestual dos actores. O propósito da escolla deste conto é poñer en valor a capacidade de xogo, de autoaprendizaxe e de superación das propias limitacións, a través da figura do protagonista.



*** PERSOAL IMPLICADO E CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:**

A obra está dirixida polo profesor de expresión corporal Ricardo Solveira, e conta con 8 actores principais e dous suplentes. O vestuario, foi confeccionado, baixo a dirección de Carmen Pastoriza, por 9 alumnas da Escola de Arte e Superior de Deseño



(EASD), ademais de contar co asesoramento vocal de Nuria Gullón. No apartado de iluminación, de deseño e realización escenográfica e mais do apartado sonoro participan outras cinco persoas, na súa meirande parte alumnos da ESAD.

A obra está pensada para nenos de entre 7 e 13 anos, e a súa duración aproximada é de 45 minutos.

Tel.: 986.225.785 • info@fundacioncarloscasares.org • www.fundacioncarloscasares.org



